

NOVAS PRIMAVERA MESÍA



MULLER

Para todos e todas!

Monólogo "ISI PONTE CON MONADAS"

Día: venres 8 de marzo, ás 21:00 h.

O día da muller celebrarémolo cunha noite de charla e risas, o monologuista ISI encargárase de provocar as risas e nós poñeremos o chocolate. A charla correrá da vosa conta.

Lugar: Casa da Cultura (Xanceda)

Inscripcións: ata o 6 de marzo na Casa da Cultura.

Concurso: CONTAMOS DELAS

En marzo teredes tempo para facer protagonista dunha historia á muller que vós queirades. Trátase de facer un texto baseado na biografía dalgunha muller, famosa e coñecida, actual ou do pasado. A historia teredes que contala coma se vos forades a protagonista e en primeira persoa. O relato pode ser baseado totalmente na realidade ou ser inventado pero debe conter algo do pasado ou presente desa muller, resaltando sempre aquilo polo que é coñecida.

Prazo: Ata o 29 de marzo na Casa da Cultura.

Idades: dende 4º de primaria en adiante.

Bases: na web do concello.

Charla: TECENDO LAZOS DE MOTIVACIÓN

Día: venres 15 de marzo, ás 17:00 h.

Características: Nun espazo de dúas horas traballaremos o coñecemento, a comprensión e a motivación individual e conxunta. Unha actividade diferente que nos axudará a construír ferramentas para superar os retos diarios.

Imparte: Thais Palla Coach, mediadora e facilitadora.

Lugar: Casa da Cultura (Xanceda)

Inscripcións: Ata o luns 11 de marzo chamando ó 981 687 241 ou 981 687 001 Ext 3. Prazas limitadas, por orde de inscrición (preferencia persoas empadroadas).

Taller de HIPOPRESIVOS

Días e horarios: martes 12 ás 21:00 h e mércores 13 de marzo ás 12:15 h.

Características: Abdominais hipopresivos, na que o seu obxectivo principal é fortalecer a musculatura abdominal sen exercer efectos negativos sobre o solo pélvico.

Prazas: limitadas. Por orde de inscrición.

Inscripcións: Ata o 8 de marzo. **Lugar:** Casa da cultura

Sobes ao autobús do TEATRO?

Día e horarios: sábado 25 de maio

17:00 h. Saída da Praza do concello

18:00 h. Teatro: "Os actos e as profecías" Un espectáculo que ten como fío condutor os chamados *Talent shows*.

Prazo: 3 € (incluído teatro e bus).

Prazas: limitadas.

Inscripcións: Ata o 10 de maio.

Programa do Centro dramático galego.

SEMANA SANTA

CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN

Días: 25, 26, 27 de marzo e 1 de abril.

Horario: De 09:00 a 14:00 h. Haberá madrugadores se o solicitan.

Lugar: Casa da Cultura de Xanceda.

Idades: 3 a 12 anos (nenos/as escolarizados).

Características da actividade: Obradoiros culturais, xogos, bailes, contacontos, etc.

Prezo: 5 € campamento. E se van ir a Xoveocio: 8 €.

Prazas: Limitadas. Ocuparanse por orde de inscrición.

Inscripcións: Dende luns 11 ata o 20 de marzo na Casa da Cultura (Xanceda) ou no correo casadacultura@concellodemesia.gal

Máis información: teléfono 699 453 750

XOVEOCIO EN MESÍA

Día: luns 25 de marzo.

Horario: 10:00 - 14:00 horas.

Características: Xuntarémonos no Pavillón de Olas a xogar, facer deportes alternativos, obradoiros diferentes con inchables, baile, chocolatada, etc.

Os/as nenos/as quedarán a cargo do monitorado.

Idades: desde 3 anos ata 17 anos inclusive. (Nenos/as escolarizados).

Prezo: 5 €

SAÍDA DE OCIO

Día e horarios: martes 26 de marzo.

11:00 h. Saída Casa da Cultura.

12:00 h. Chegada ao Marineda City.

Mañá de ocio quen queira: BOLERA ou ESCAPE ROOM. Elixir ao anotarse para facer grupos.

18:00 h. Saída do bus de regreso, sobre 19h Cdcultura.

Prezo: 5 € Bus. 5 € Bolera. 8 € Escape room.

ESCOLA DE PAIS E NAIS



5 marzo - Hábitos e rutinas na infancia

2 abril - Novas tecnoloxías

17 abril - Técnicas e hábitos de estudio

Características da actividade: Quedamos os martes as 17:00 horas na Casa da Cultura.

Trataremos de poñer sobre a mesa inxerencias de pais e nais sobre os/as fillos/as.

Imparte: Carla Mata Santos, pedagoga e educadora social, membro do INDAGA e directora do centro socioeducativo EUMAXIN

Inscripcións Ata 20 de marzo na Casa da Cultura/concello.

OBRAS PREVISTAS, A DÍA DE HOXE, A REALIZAR NO 2024 CON FONDOS PROPIOS E CON SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E XUNTA DE GALICIA

PROXECTO	ORZAMENTO	PROXECTO	ORZAMENTO
Acondicionamento aseos pavillón CPI Xanceda	33.889,27 €	Pavimentación Camiño cara O Castro (Boado)	5.622,91 €
Conservación e mantemento de cubertas e fachadas edificios anexos ao concello (Xanceda)	48.869,05 €	Camiño do Vilar (Mesía) a Puebla (Bascoi)	26.694,23 €
Mellora Pista de Pereiruga a Arosa (Xanceda)	102.778,61 €	Reforzo do firme na pista xeral de Bascoi (A Fraga-Recelle)	148.466,20 €
Camiño en Mata-Xanceda da AC-524 a AC-223	74.726,14 €	Camiño zona de concentración parcelaria en Bascoi	228.743,09 €
Pista en Seble (Visantoña)	33.885,14 €	Adquisición material deportivo	5.776,82 €
Pista no colexio de Visantoña	6.463,87 €	Parques e xardíns. Terreos e bens naturais	30.000,00 €
Pavimentación Camiño no Carballal (Olas)	67.879,77 €	Infraestruturas deportivas	20.000,00 €
Pavimentación Camiño Fondo da Aldea (Mesía)	4.007,86 €	Reposición infraestrutura viaria	40.000,00 €
Pavimentación Camiño de Catro Camiños a Zamón (Mesía)	9.904,99 €	Xestión do patrimonio	20.000,00 €

A día de hoxe, as inversións en obras previstas realizar no ano 2024 ascenden a 907.707,95 €.

DEPORTE E SAÚDE

Saídas BALNEARIO

Ofertamos as saídas ao Balneario de GUITIRIZ a todas as persoas que estean empadroadas no concello.

Días: **luns 8, 15, 22 e 29 de abril.** De 14:30 a 19:00 h.

Prezo: 80 €/os 4 días. 22 €/cada día solto.

Observacións: O bus pasará polas parroquias de Olas, Visantoña, Mesía, Xanceda e Lanza.

Inscripcións no Concello: **dende o 11 de marzo, ata completar o límite das 30 prazas.** Terán preferencia as persoas que se anoten os 4 días. **A inscrición formalizarase co pago,** non telefonicamente.

RUTAS DE SENDEIRISMO



Voltamos ca tempada de sendeirismo!

Faremos varias rutas de dificultade baixa ou media, en torno a 10 Kms.

1ª SAÍDA: RUTA DA VÍA VERDE (Tramo 1: Ordes)

24 de marzo.

Saída: Praza do concello en Xanceda ás 9:30 h.

Regreso estimado sobre 14 h.

Prezo: 6 €.

Inscripcións: **ata 20 de marzo** na Casa da Cultura 981687241 ou por wasap no Grupo de Sendeirismo do Concello 609353115. Mínimo de inscritos 20.

Avisaremos das próximas rutas. Faremos 1 por mes.

Información detallada e últimas novidades en

FACEBOOK: @CONCELLODEMESIA

WEB: WWW.CONCELLODEMESIA.GAL

AVISOS

VOLUNTARIADO XUVENIL

O Concello de Mesía figura inscrito no rexistro de Acción Voluntaria de Galicia. Se **tes entre 18 e 30 anos** podes participar xa como voluntario/a no Departamento de Cultura e Deporte. As persoas voluntarias pagaráselles dietas de 6,00 €/día (como gastos de desprazamento e manutención). Anótate no Concello para este 2024.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS

Segundo mércores de cada mes, deixar os enseres o lado do contenedor máis cercano o día antes, para garantir a recollida podedes chamar unha semana antes o teléfono: 639200204.

CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA

Poñemos á túa disposición composteiros e aireadores de uso doméstico. Ademais recibirás formación e axuda na túa casa de Mestres Composteiros.

Para reservalos só tes que inscribirte en <https://mesia.rsu.gal/>, no teléfono 647 521 464 ou ben enviar un correo a residuos@concellodemesia.gal. Tamén podes achegarte a Casa do Concello e dar os teus datos.

UNIDADE MÓBIL DO DNI

A unidade móbil do DNI desprazarase a Ordes nos días **20, 21, 22, 23 e 24 de maio.** Xa podedes pedir cita chamando ó Concello de Ordes: 981680002.

EXCURSIÓN A BAIONA

27 de Abril. Saída do percorrido do bus 8:00 horas.

Visita a Vilanova de Cerveira,

Comida e Visita a Baiona.

Prezo: 30 €

Anotarse en Servizo Sociais ata 19 de abril. 981 687238.

OUTROS AVISOS

FESTA 3ª IDADE: Sábado 11 de Maio.

GALAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS:

Ximnasia rítmica 7 de abril e Patinaxe 13 de abril.